

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

ORDE do 28 de xullo de 2021 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 92, da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.2.c) da citada lei,

DISPOÑO:

Primeiro. Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I desta orde.

Segundo. Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para os postos de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro. As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Edificio Administrativo de San Caetano, 15771 Santiago de Compostela), nas súas xefaturas territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto. Os/as aspirantes deberán unir á petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Quinto. No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde un/unha funcionario/a con destino noutra Administración pública, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e as demais disposicións concordantes.



Sexto. A resolución desta convocatoria publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e poderase declarar deserto o posto de traballo, se se considera oportuno.

Sétimo. O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia ou de sete días se comporta cambio de residencia. Cando o/a adxudicatario/a do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será de vinte días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, modificado polo Decreto 166/2013, do 14 de novembro.

O prazo posesorio empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma, para o caso de funcionarios doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberase computar desde o día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderán impugna-la directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2021

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

ANEXO I

Código do posto: PR.C06.00.002.15770.001.

Denominación do posto: subdirector/a xeral Seguridade e Coordinación.

Subgrupo: A1.

Nivel: 30.



Complemento específico: 25.978,54 €.

Corpo ou escala: xeral (F.C.S.).

Adscrición admóns. públ.: A14 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. e Forzas e Corpos de Seguridade do Estado).

Formación específica: 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego) (R.I.).

Observacións: horario especial.

Dependencia: Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Localidade: Santiago de Compostela.

Código do posto: PR.C06.00.002.15770.020.

Denominación do posto: Xefatura Servizo de Seguridade.

Subgrupo: A1-A2.

Nivel: 28.

Complemento específico: 20.082,72 €.

Corpo ou escala: xeral.

Adscrición admóns. públ.: A12-A13 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. e Administración local - adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. e Administración de xustiza).

Formación específica: 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego) (R.I.).

Observacións: horario especial.

Dependencia: Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Localidade: Santiago de Compostela.





**ANEXO II
Modelo de solicitude**

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome
DNI	Data de nacemento	Corpo ou escala a que pertence	Grupo	Nº de RP
Domicilio, rúa e nº		Provincia	Localidade	Teléfono
Destino actual				
Consellería		Dependencia	Localidade	

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover o posto de traballo polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde do 28 de xullo de 2021, ao considerar que reúno os requisitos exixidos para tomar parte para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel complemento de destino	Designación do posto de traballo	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

TEMPO DE SERVIZOS PRESTADOS

No corpo actual	Anos	Meses	Días
Noutros corpos	Anos	Meses	Días
.....			
.....			
.....			
No actual posto de traballo			

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Títulos académicos:
.....
.....
.....

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria:
.....
.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:
.....
.....

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á cal se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación
Finalidades do tratamento	Provisión de posto de traballo
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha obrigaón legal segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos
Destinatarios dos datos	Os datos deberán ser comunicados á Dirección Xeral da Función Pública e publicados no <i>Diario Oficial de Galicia</i>
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos (Lugar, data e sinatura)

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo